



CONCELLO DE REDONDELA

/

INDICACIÓNS PARA REALIZAR A SOLICITUDE

- **Prazo** para presentar a solicitude: 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP.
- Presentar o **Anexo I**, cuberto en todos os seus campos, e **asinado**.

Documentos a presentar co ANEXO I:

A.- PERSOA FÍSICA:

- No caso de presentar a solicitude por **persoa diferente da persoa solicitante**, deberá achegarse **poder suficiente** da persoa representante para actuar en nome da persoa representada.
- **Fotocopia do DNI ou documento identificador**, válido no territorio nacional, da persoa solicitante da subvención.
- **Certificado actualizado de situación censal** que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e do local do desenvolvemento da actividade, **só no caso de non prestar autorización** ao Concello de Redondela .
- **Resolución ou certificación do alta** no réxime especial de traballadores autónomos ou na mutua profesional correspondente.
- **No caso de xustificar esta axuda co aluguer do local**, deberá presentarse **contrato do arrendamento en vigor do local comercial** onde se desenvolva a actividade ou **documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor**.
- Documento expedido pola entidade financeira na que conste a **conta bancaria** na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
- **Documentos que acrediten o gasto** admitido para a xustificación desta axuda: facturas, recibos, etc e **xustificantes de pagamento**.
 - ✓ Recibos do pago de **aluguer do local** no que se exerza a actividade correspondente ós **meses de outubro e novembro deste ano**.
 - ✓ Recibos do pago da **cuota de autónomos** correspondente aos meses de **outubro e novembro** deste ano.
 - ✓ Gastos de **luz** correspondentes ao local onde se exerza a actividade e que se **pagaran no mes de outubro e/ou novembro** deste ano.

B.- PERSOA XURÍDICA, SOCIEDADE CIVIL, COMUNIDADE DE BENS OU ENTIDADES ECONÓMICAS SEN PERSONALIDADE XURÍDICA:

- No caso de presentar a solicitude por **persoa diferente da persoa solicitante**, deberá achegarse **poder suficiente** da persoa representante para actuar en nome da persoa representada.
- **NIF** da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



CONCELLO DE REDONDELA

- **Fotocopia do DNI ou documento identificador**, válido no territorio nacional, da persoa administradora e da que presenta a solicitude no caso de non ser a mesma.
- **Alta** no réxime da Seguridade Social correspondente da persoa administradora ou da persoa xurídica.
- **Certificado actualizado de situación censal** que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e do local do desenvolvemento da actividade, **só no caso de non prestar autorización** ao Concello de Redondela .
- **No caso de xustificar esta axuda co aluguer do local**, deberá presentarse **contrato do arrendamento en vigor do local comercial** onde se desenvolva a actividade ou **documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor**.
- Documento expedido pola entidade financeira na que conste a **conta bancaria** na que se deba facer o ingreso do importe da axuda e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.
- **Documentos que acrediten o gasto** admitido para a xustificación desta axuda: facturas, recibos, etc e **xustificantes de pagamento**.
 - ✓ Recibos do pago de **aluguer do local** no que se exerza a actividade correspondente ós **meses de outubro e novembro deste ano**.
 - ✓ Recibos do pago da **cuota de autónomos** correspondente aos meses de **outubro e novembro** deste ano.
 - ✓ Gastos de **luz** correspondentes ao local onde se exerza a actividade e que se **pagaran no mes de outubro e/ou novembro** deste ano.

En relación cos documentos que acrediten o gasto: facturas, recibos, etc e xustificantes de pagamento deberá ter en conta:

- O importe xustificado será como mínimo o importe da axuda. (importe máximo da subvención a conceder 300 euros ou resultado de dividir o importe global do crédito 18.000€ entre as persoas solicitantes)
- Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da axuda e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo en casos de pagamentos a conta.
- **Se a acreditación do gasto se realiza en papel**, presentaranse facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e, no seu caso, correspondentes ao período para o que esta foi concedida. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria xustifique a subvención mediante facturas compulsadas, deberá presentar as facturas orixinais para que conste nelas o carimbo do concello e no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do Concello. **Se se realiza por medios electrónicos**, as facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida.
- As facturas deberán conter os seguintes datos:

1.- Emisión á persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



CONCELLO DE REDONDELA

- 2.- Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 3.- Número de factura.
- 4.- Lugar e data da emisión da factura.
- 5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE..
- 6.- Período que corresponda.
- 7.- Carimbo ou lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar; salvo naquelas facturas de importe superior a 1000 €, nas que deberá constar o xustificante do ingreso bancario.